

**Resolución do 24 de marzo de 2022, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para a provisión de dúas prazas da escala técnica de publicacións do Parlamento de Galicia, convocado por un acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 15 de xuño de 2021, en relación coa realización do segundo exercicio da oposición**

En sesión que tivo lugar o 24 de xaneiro de 2022, o tribunal designado por resolución da Presidencia do 15 de outubro de 2021 (BOPG núm. 215, do 20 de outubro de 2021) para cualificar o proceso selectivo para o ingreso por quenda libre en dúas prazas da escala técnica de publicacións do Parlamento de Galicia, grupo A, convocado por un acordo da Mesa do Parlamento do 15 de xuño de 2021 (BOPG núm. 163, do 30 de xuño de 2021) ACORDOU:

Primeiro. Convocar as persoas aspirantes na Biblioteca Carballo Calero (andar 0 das dependencias do Parlamento), para a realización do segundo exercicio da oposición na data e hora anunciados, o 5 de abril, en chamamento único que se iniciará as 10 horas.

As persoas aspirantes deberán acudir provistas de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, e de bolígrafo negro ou azul. Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento do cal se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio.

Segundo. Informar que os criterios de corrección serán os contidos no punto 6.1.2. das bases da convocatoria:

«Para cualificar cada exercicio o tribunal terá en conta:

- a) o nivel de coñecemento da materia que demostra o exercicio;
- b) a economía expositiva, a capacidade de sistematización e a coherencia do discurso;
- c) a corrección lingüística.

O tribunal poderá excluír aquelas persoas aspirantes que cometan erros moi graves nalgúns dos apartados que se valoran.»

Terceiro. Anunciar que, en virtude do disposto no punto 6.1.2. das bases da convocatoria, o tribunal acorda a lectura pública do segundo exercicio e convoca as persoas aspirantes para o día 6, mércores, ás 16.30 horas, na Biblioteca Carballo Calero do Parlamento de Galicia. Caso de non poderse completar a lectura de todos os aspirantes ese día, esta continuará o día 7, xoves, ás 10 horas, nas mesmas dependencias. A non presentación á lectura dará lugar á exclusión do proceso de selección.

As bases da convocatoria (punto 6.1.4) dispoñen que o tribunal facilitará a cada persoa aspirante dous sobres para introducir de xeito independente o exercicio realizado e a identificación do seu autor ou autora. Os sobres pecharanse e gramparanse conxuntamente diante da persoa interesada e serán numerados correlativamente polo tribunal.

En consecuencia, o tribunal establece que a orde da lectura do exercicio por parte de cada unha das persoas aspirantes respectará a numeración dos sobres.



Unha vez abertos o sobres por parte das persoas aspirantes, o tribunal fará copias do exercicio para un seguimento adecuado da lectura por parte dos seus membros.

Cuarto. Cualificación do exercicio.

De conformidade co recollido no punto 6.1.2 das bases, o exercicio será cualificado de cero (0) a vinte (20) puntos. Para superar o exercicio cómpre obter, como mínimo, dez (10) puntos.

O tribunal acorda que cada un dos dous temas do exercicio que deben desenvolver as persoas aspirantes será puntuado de 0 a 10 puntos e que a nota do exercicio será a suma da puntuación acadada en cada un deles.

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2022

Raquel Rodríguez Carro

Presidenta do tribunal